



I PREMIO DE RELATO BREVE

*Nélida Piñón*

BASES

---



# BASES

---

## I PREMIO DE RELATO BREVE

*Nélida Piñón*

O Concello de Cotobade, a Deputación de Pontevedra e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia poñen en marcha o I Premio de Relato Breve Nélida Piñón, que nace cos obxectivos de fomentar a creación literaria en lingua galega, particularmente no ámbito da narrativa breve, e de honrar a escritora brasileira de raíces galegas, unha das referencias imprescindibles da literatura universal.

### 1. Obxecto e participantes

Poderán concorrer a este certame autores/as maiores de 18 anos, de calquera nacionalidade. Os relatos estarán escritos en lingua galega, segundo a normativa ortográfica vixente, serán orixinais e inéditos, e non poderán contar con galardóns anteriores nalgún outro certame.

Se no transcurso da convocatoria, e antes da resolución do xurado, algún traballo participante resultase gañador doutro certame, o/a autor/a deberá notificarlo á organización, que anulará a súa participación, salvo que, expresamente, comunique a súa renuncia ao premio concedido. Ademais, non poderán presentarse obras de autores falecidos antes da apertura do período de presentación de orixinais.

### 2. Características dos traballos

Cada autor/a poderá enviar, por separado, cantos relatos desexe. As obras terán un mínimo de 7 e un máximo de 15 páxinas e deberán presentarse en perfectas condicións de lexibilidade, en corpo 12 e co tipo de letra Times New Roman, debidamente grampadas e encadernadas.

### 3. Inscripción e documentación

Os orixinais que se presenten por correo postal deberán enviarse por triplicado e na portada só deberá constar o título da obra e un lema ou pseudónimo que escolla o autor/a. Nun sobre á parte, que deberá identificarse reproducindo no seu frontal o título e lema ou pseudónimo escollidos, incluírase un breve currículo do autor e os seus datos persoais (nome e apelidos, fotocopia do DNI, teléfono fixo e/ou móbil, enderezo electrónico e enderezo postal). As obras enviaranse ao seguinte enderezo:

Concello de Cotobade

Concellería de Cultura

Chan, núm. 11, Carballedo, 36856 Cotobade (Pontevedra)

Tamén se poderán enviar os orixinais a través do correo electrónico. Para iso, cómpre presentar as obras nun arquivo en formato .odt, .doc ou .docx, denominado "Relato", que se identificará baixo pseudónimo e título da obra. Esta identificación deberá figurar no encabezamento de cada folla.

Este documento acompañarase doutro arquivo de texto denominado "Plica", no que figurará o pseudónimo, título da obra e un breve currículo do autor ou autora, ademais dos seus datos persoais (nome e apelidos, fotocopia do DNI, teléfono fixo e/ou móbil, enderezo electrónico e enderezo postal). Os traballos deberán enviarse ao enderezo electrónico [concursoliterario@concellodecotobade.org](mailto:concursoliterario@concellodecotobade.org).

### 4. Premio

O premio estará dotado con seis mil (6.000,00) euros, cantidade á que se lle aplicarán as retencións fiscais previstas pola vixente lei tributaria, así como coa publicación da obra. A metade dos exemplares editados entregaráselle ao gañador/a.

A propiedade intelectual da obra é do seu autor. Non obstante, a persoa premiada daralles o seu consentimento e autorización ao Concello de Cotobade, á Deputación de Pontevedra e á Xunta de Galicia para a cesión dos dereitos de reprodución, distribución, difusión, exposición e comunicación pública, sen ánimo de lucro, a través dos medios e soportes que as tres administracións estimen convenientes.

Convocarase a persoa gañadora coa debida antelación ao acto de entrega do premio. Se non acode entenderase que renuncia ao galardón.

## **5. Prazo**

O prazo de presentación de orixinais abrirase o día 1 de outubro de 2014 e concluirá ás 12:00 h do día 20 de febreiro de 2015. Excluíranse todos os envíos fóra do prazo.

## **6. Xurado e criterios**

Un xurado de recoñecido prestixio no ámbito literario, composto por tres membros designados por acordo entre o Concello de Cotobade, a Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia, resolverá o premio nos primeiros días do mes de marzo de 2015.

## **7. Orixinais presentados**

As obras non premiadas serán destruídas tras a resolución do xurado e non se manterá comunicación verbal nin escrita con ningún dos autores que se presenten.

## **8. Aceptación das bases**

A participación nesta convocatoria implica a plena aceptación destas bases. Calquera cuestión ou dúbida que poida xurdir na súa interpretación será resolta segundo o criterio do xurado do certame.



2011

*Nélida Piñón*



XUNTA  
DE GALICIA



Deputación  
Pontevedra



Concello  
de Cotobade